



IES O COUTO

 www.edu.xunta.es/centros/iescouto

R/ Rampa de Sas, s/n - 32002 Ourense  988 391249  988 391276  ies.couto@edu.xunta.es

DOCUMENTACIÓN QUE SE PODE APORTAR NO CASO DE QUE O NÚMERO DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN SUPERE O NÚMERO DE VACANTES (PROCESO DE BAREMACIÓN)

De darse o caso, o Centro informará desta circunstancia no seu taboleiro de anuncios e a través da súa páxina Web antes do inicio do prazo de presentación da documentación.

PRAZO DE PRESENTACIÓN: **do 25 de marzo ao 5 de abril.** A presentación desta documentación ten carácter voluntario.

- Para a tramitación deste procedimento **consultaranse automaticamente os seguintes datos:**
 - a) DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar.
 - b) Domicilio fiscal.
 - c) Renda anual per cápita da unidade familiar (ano 2017).
 - d) Condición de familia numerosa.
 - e) Discapacidade do alumnado, do/da proxenitor/a, do/da titor/a ou dos/das irmáns/ás recoñecida pola Xunta de Galicia.

Polo tanto, **só terán que presentar a citada documentación aqueles solicitantes que deneguen expresamente a consulta automática dos datos.** No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos que acrediten calquera destas circunstancias.

- Se o estima oportuno, **pode presentar no Centro a seguinte documentación** para acreditar os seguintes puntos do proceso de baremo:
 - Irmás/áns do solicitante matriculadas/os no centro durante o curso escolar para o cal solicita a admisión.
 - Fotocopia completa do libro ou libros de familia ou, no caso das/os menores en situación de acollemento, mediante fotocopia da resolución ditada pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar
 - Proxenitora, proxenitor ou titores traballadores do propio centro.
 - A acreditación deste criterio será realizada polo propio centro, incorporando ao expediente a documentación que proceda.
 - Proximidade do centro ao domicilio familiar (puntuación máxima 6 puntos) ou ao lugar de traballo (puntuación máxima 4 puntos). Débese escoller unha, xa que non son acumulables.
 - Domicilio familiar: certificado do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven nel. A data de alta no concreto domicilio deberá ter unha antigüidade mínima dun ano respecto ao inicio do procedemento de admisión, agás circunstancias debidamente xustificadas. Así mesmo, o certificado deberá estar expedido dentro do ano natural ao que corresponda o proceso de admisión.
- De non coincidir os domicilios familiar e fiscal, as persoas interesadas deberán presentar a seguinte documentación complementaria: copia do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar (escritura de compravenda ou doazón, contrato de aluguer) e contrato de alta de recibos actualizados de subministracións (auga, luz, gas) a nome da persoa ou persoas que solicitan a admisión.

- Lugar de traballo: acredítase con a) No caso de persoas que presten servizos retribuídos por conta allea, mediante a achega de documento expedido para o efecto pola/o empregadora/or xunto cunha copiado contrato de traballo. O centro de traballo deberá estar determinado nunha localidade e enderezo concreto. b) No caso de traballadoras e traballadores por conta propia, mediante a alta censual inicial ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, con todas as posibles modificacíons posteriores e altas na Tesourería Xeral da Seguridade Social no réxime correspondente. c) O persoal ao servizo das administracíons públicas presentará unha certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.
- Condición de familia monoparental.
 - A estes efectos, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo, **sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento**.
 - Para a valoración do criterio de familia monoparental, a persoa interesada terá que presentar a certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracíons públicas.
- Só en bacharelato: nota media obtida no terceiro curso da ESO ou na titulación alegada.
 - Acreditarase mediante unha certificación académica persoal.

A falta de presentación en prazo da documentación requerida impedirá ter por acreditado o criterio ou criterios afectados, e en consecuencia, impedirá valoralos para efectos de determinar a puntuación.

